

# FOCO LEOPOLD LINDTBERG

# 1367

3 setembro  
Marie-Louise (1944)

10 setembro  
A última oportunidade (1945)

13 setembro  
A aldeia (1953)

17 setembro  
Catro en jeep (1951)



## Cinema humanista contra o horror da guerra

Suíza, Segunda Guerra Mundial. Rodeada de barbarie e destrución, a neutralidade converte o país nun páramo de paz en Europa. Unha situación que non poucos observan con inquietude e vergoña, impotentes ante o que ocorre ao seu redor. O cineasta, preguntárase algún, non está obrigado a inmortalizar o que pasa alén das súas fronteiras? Non debe seica, ante ocasións como estas, tomar unha posición de denuncia urxente?

Posiblemente estes pensamentos tiña Leopold Lindtberg na cabeza cando en 1944 fixo Marie-Louise, historia sobre unha nena refuxiada francesa que lle valeu a proxección internacional que antes lle foi negada e que acabou conseguindo o que sería o primeiro Oscar na categoría de guión orixinal para un filme estranxeiro. Pero Lindtberg, de orixe vienesa, non era un principiante cando executou esta empresa. Fuxindo da súa Austria natal por motivos políticos, estableceuse en Zúric a mediados dos anos trinta, onde traballou na Schauspielhaus, que naquel momento acollía a moitos colegas de fala xermana que escapaban do nazismo (...) Será cara ao final da guerra cando Lindtberg poida desenvolver a súa carreira internacional, marcada por un cru verismo, non exento de vea poética, que observa os horrores da guerra con rabia contida e un profundo humanismo.

A xa citada Marie-Louise está interpretada por unha nena refuxiada de verdade, Josiane Hegg, a actriz non profesional máis importante dun elenco que non esquivou incluír outros rostros sen experiencia previa e sacados literalmente da rúa. O feito de que Lindtberg rode en exteriores con luz natural e que inclúa intercambios en francés e alemán con variantes dialectais propias da zona achega aínda máis verismo se cabe.

(...) Para a súa seguinte longa, Lindtberg e Schweizer decidiron dar un paso á fronte coa súa máis áspera e comprometida A última oportunidade (1945), unha produción que se atopou con todo tipo de trabas administrativas por parte do goberno federal para impedir a súa filmación e posteriormente que fose proxectada. Os lazos do director e guionista coa Schauspielhaus, á que o goberno consideraba un 'niño de refuxiados' con conexións comunistas, poñían as cousas difíciles ao dúo de cineastas. A última oportunidade funciona como un filme bélico de alta tensión, pero polo camiño mostra unha realidade dolorosa que ninguén antes retratara en pantalla. Lindtberg relata que quedaron curtos: "A historia do filme é un conto de fadas inofensivo se se compara cos feitos reais. [...] Non é un filme para aqueles que coñeceron infortunios, senón para os outros –os felices, os perdoados– e quizá os anime a reflexionar".

Catro en jeep (1951) é un proxecto moi querido para Lindtberg, pois supón para el volver á súa Viena natal (...) A ficción mostra unha Viena dividida en catro partes, como ocorría en Berlín, supervisada polos exércitos francés, inglés, norteamericano e ruso. Cando un convicto austríaco escapa das mans dos soviéticos antes da súa liberación, a tensión aumenta entre os continxentes. Rodada a beiras do Danubio en varias das localizacións que, ao mesmo tempo, estaba a usar O terceiro home, ese ambiente de Viena como o centro neuráxico da espionaxe europea durante a Guerra Fría está aquí tamén presente.

(...) O humanismo chega ata o punto final da filmografía de Lindtberg, expresado coa maior das intensidades n'A aldea (1953) gañadora do bronce en Berlín e tamén presentada en Cannes. Nesta, volve ao tema dos nenos refuxiados, mostrando como funcionaban as escolas que acollían orfos de guerra en Suíza tras a Segunda Guerra Mundial. Dalgunha maneira, é a herdeira argumental e espiritual de Marie-Louise e posiblemente sexa a cima do seu cinema.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Responsabilidad personal  
y colectiva,*  
Hannah Arendt.  
Página indómita, 2020

*El mundo de ayer,*  
Stefan Zweig.  
Acantilado, 2012

*La agonía de Europa,*  
María Zambrano.  
Alianza Editorial, 2023